

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DA PRESIDENCIA E PARA AS ADMINISTRACIÓN TERRITORIAIS

**8503** *Real decreto 337/2018, do 25 de maio, sobre os requisitos aplicables ás previsións macroeconómicas e orzamentarias.*

En 2011 a Unión Europea iniciou unha reforma en profundidade do marco de gobernanza económica e orzamentaria europea, reforzando os mecanismos de coordinación, supervisión e vixilancia das políticas orzamentarias e macroeconómicas.

Con este obxecto aprobouse en novembro de 2011 un paquete de medidas sobre gobernanza económica, consistente en cinco regulamentos, e a Directiva 2011/85/UE, do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros. Esta última ten como finalidade reforzar a responsabilidade nacional nas políticas orzamentarias, así como dispor duns requisitos uniformes con respecto ás normas e aos procedementos que configuran os marcos orzamentarios dos Estados membros.

Buscábase así promover a aplicación, por parte dos Estados membros, de políticas económicas sólidas e unha maior eficacia na súa coordinación como vía para fortalecer a Unión Económica e Monetaria e promover o crecemento e a creación de emprego.

De maneira paralela, en España o Goberno impulsou a reforma do marco orzamentario español, tomando como referente as novas exixencias de coordinación que emanaban da Unión Europea, e adoptáronse os principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira como prerrequisitos para garantir un crecemento sustentable e a creación de emprego.

Este novo marco de gobernanza económica consagrouse coa reforma do artigo 135 da Constitución española o 27 de setembro de 2011, que incorporou ao ordenamento xurídico español, ao máis alto nivel, o equilibrio estrutural como principio reitor da política orzamentaria.

En desenvolvemento deste precepto aprobouse a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, que incorpora e desenvolve con rango legal as normas de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira das administracións públicas que garanten o bo funcionamento da Unión Europea.

Entre outras cuestións, a Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, traspón ao ordenamento xurídico español unha gran parte das disposicións recollidas na Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, peza clave do novo marco de gobernanza fiscal no ámbito comunitario. Así mesmo, esa lei incorpora as tres regras fiscais que rexen os procesos orzamentarios de todas as administracións públicas españolas: a obriga de presentar equilibrio ou superávit estrutural para todas as administracións públicas, o establecemento dun límite de débeda como garantía da sustentabilidade orzamentaria e a regra de gasto. Como complemento do anterior, define medidas preventivas, correctivas e coercitivas para asegurar o cumprimento desas regras e formula un marco orzamentario a medio prazo en que se enmarcará a elaboración do orzamento e a través do cal se garantirá unha programación orzamentaria coherente cos obxectivos de estabilidade e débeda pública.

A Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, regula, ademais, diversas cuestións relacionadas coa elaboración tanto das previsións macroeconómicas en que se apoian as decisións orzamentarias como das previsións orzamentarias, que xa estaban sendo aplicadas.

Os principios básicos que deben seguir as previsións económicas recóllense nos considerandos números 8 a 15 da directiva, e quedan regulados no artigo 4 da directiva. Neles ofrécense argumentos a favor de dispor duns prognósticos que non estean

nesgados, de realizar análises de sensibilidade para estimar os posibles efectos dun erro de previsión no comportamento das variables fiscais e da conveniencia de comparar as previsións dos Estados membros coas da Comisión Europea e coas doutros órganos ou entidades independentes do Goberno para contrastalas. Así mesmo, conteñen recomendacións para a valoración *a posteriori* da calidade dos prognósticos das previsións macroeconómicas e a adopción de medidas necesarias de estaren nesgados de modo persistente no tempo.

Neste contexto, este real decreto traspón formalmente ao dereito nacional o previsto na citada directiva sobre as previsións macroeconómicas e orzamentarias.

O real decreto estrutúrase en oito artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria única e catro disposicións derradeiras.

O artigo 1 define o ámbito de aplicación deste real decreto, que afecta as previsións macroeconómicas e orzamentarias, e o artigo 2 fai referencia aos departamentos encargados da elaboración destas previsións, así como á súa publicación.

Os artigos 3, 4 e 5 recollen os principios aplicables á elaboración das previsións macroeconómicas e orzamentarias e establecen que se basearán na información dispoñible máis recente e que a planificación orzamentaria se baseará no escenario macroeconómico máis probable ou nun máis prudente.

Os artigos 6, 7 e 8 regulan diversos aspectos do proceso de elaboración destas previsións, como a súa comparación coas previsións doutros órganos ou entidades independentes, en particular da Comisión Europea, a realización dunha análise de sensibilidade e dunha avaliación *ex post*.

As disposicións adicionais primeira e segunda traspoñen outras cuestións recollidas na Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, que aínda non se regularan en ningunha norma nacional. En concreto, a disposición adicional primeira regula a publicación, a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas, dos datos orzamentarios baseados na contabilidade pública para todos os subsectores das administracións públicas, algo que xa se viña facendo. A disposición adicional segunda, pola súa parte, establece a presentación da incidencia combinada nos saldos e débedas das administracións públicas de todos os organismos e fondos delas que non formen parte dos orzamentos ordinarios dos distintos subsectores.

As disposicións derradeiras recollen o título competencial, a transposición parcial ao dereito español da citada directiva, a habilitación normativa aos ministerios para adoptar as medidas necesarias para a execución do disposto neste real decreto e regulan a súa entrada en vigor.

Por último, cabe sinalar que este real decreto se axusta aos principios de boa regulación contidos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. En particular, os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica transparencia e eficiencia, en canto que persegue un interese xeral ao mellorar a calidade das previsións macroeconómicas e orzamentarias e contribuír así á maior eficacia e eficiencia na toma de decisións de política económica, non existe ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos, resulta coherente co ordenamento xurídico, non introduce novas cargas administrativas e permite unha xestión máis eficiente dos recursos públicos.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Función Pública e do ministro de Economía, Industria e Competitividade, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de maio de 2018,

DISPOÑO:

#### Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Os principios fixados neste real decreto serán de aplicación ás previsións macroeconómicas, así como ás previsións orzamentarias elaboradas polos órganos establecidos no artigo 2.

En todo caso, estes principios aplicaranse ás previsións macroeconómicas e orzamentarias dos orzamentos xerais do Estado, do Programa de estabilidade e do Plan orzamentario.

*Artigo 2. Elaboración e publicación das previsións macroeconómicas e orzamentarias.*

1. A Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional, pertencente ao Ministerio de Economía, Industria e Competitividade, elaborará as previsións macroeconómicas oficiais relativas á economía española.

2. As secretarías de Estado de Orzamentos e Gastos e de Facenda do Ministerio de Facenda e Función Pública elaborarán as previsións orzamentarias.

3. As previsións macroeconómicas e orzamentarias, así como as metodoloxías utilizadas para a súa elaboración, e os supostos e parámetros que sosteñan as ditas previsións, faranse públicos a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas creada polo Real decreto 636/2014, do 25 de xullo, polo que se crea a Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas e se regula a remisión de información polo Banco de España e as entidades financeiras ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo de que se poidan usar medios adicionais para a súa difusión.

*Artigo 3. Obrigación de uso da información máis recente.*

As previsións macroeconómicas e orzamentarias tomarán en conta a información estatística e económica publicada máis recente e farase constar a data ata a cal as previsións toman en conta datos ou información.

*Artigo 4. Escenario macroeconómico máis probable ou máis prudente.*

1. As previsións macroeconómicas mostrarán o escenario considerado máis probable, en función das hipóteses en que se apoie e da información dispoñible ata o momento da súa elaboración, ou un máis prudente. O escenario elixido denomínase escenario base.

2. O cadro de supostos básicos do escenario macroeconómico incluírá, ao menos, hipóteses sobre as seguintes variables: previsión de crecemento dos mercados de exportación españois, previsión de tipos de xuro a curto e longo prazo, previsión de prezos do petróleo e previsión do tipo de cambio euro/dólar.

Estas hipóteses poderanse ampliar con outras sobre o comportamento daquelas variables que se consideren relevantes para a evolución da conxuntura económica imperante no momento de realizar as previsións.

3. Como hipóteses para o tipo de cambio ou os prezos do petróleo teranse en conta os niveis recentes de cotización oficial euro/dólar e de prezos do petróleo nos mercados de futuros. Para formular as hipóteses das demais variables tomaranse en conta as que realicen a Comisión Europea, o Fondo Monetario Internacional, a Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico e o Banco de España.

As hipóteses da Comisión Europea terán carácter prioritario cando sexan comúns para todos os Estados membros, e nos demais casos priorizaranse aquelas que se publiquen en datas máis próximas ás do peche do exercicio de previsión.

4. As hipóteses utilizadas incluíranse no documento oficial que conteña as previsións macroeconómicas para as que serven de base.

*Artigo 5. Principio de prudencia.*

1. As previsións macroeconómicas que sirvan de base a plans de carácter fiscal ou orzamentario prestarán especial atención aos riscos que, en caso de se materializaren, poidan supor un menor crecemento real ou nominal das principais variables relacionadas cos ingresos e un maior crecemento das variables reais ou nominais relacionadas co gasto público.

2. A planificación orzamentaria basearase en previsións macroeconómicas e orzamentarias realistas e para iso utilizarase o escenario macroeconómico máis probable ou un escenario máis prudente.

Artigo 6. *Comparación coas previsións doutros organismos.*

1. As previsións macroeconómicas e orzamentarias compararanse coas previsións máis actualizadas da Comisión Europea e, de ser o caso, coas doutros órganos ou entidades independentes.

2. As diferenzas importantes entre o escenario macroorzamentario base e a previsión da Comisión Europea describíranse de maneira motivada, en particular se o nivel ou o crecemento das variables dos supostos externos, que comprenderán como mínimo o crecemento dos mercados exteriores da economía española, os tipos de cambio e de xuro e os prezos das materias primas que se consideren relevantes en función da situación conxuntural, se apartan significativamente dos valores utilizados pola Comisión Europea nas súas previsións.

Artigo 7. *Análise de sensibilidade.*

1. O órgano encargado da elaboración das previsións realizará unha análise de sensibilidade que acompañará as previsións macroeconómicas e orzamentarias. Esta análise conterá, ao menos, a comparación das previsións das principais variables orzamentarias do escenario base coas previsións desas mesmas variables en escenarios con diferentes supostos de crecemento e tipos de xuro.

2. O número de escenarios alternativos utilizados nas previsións macroeconómicas e orzamentarias basearase nos resultados de previsións anteriores e tratará de ter en conta os correspondentes escenarios de risco.

Artigo 8. *Avaliación ex post.*

Polo menos unha vez ao ano, os órganos mencionados no artigo 2 do presente real decreto realizarán unha avaliación *ex post*, de carácter xeral, non nesgada e baseada en criterios obxectivos, das previsións das principais variables macroeconómicas e orzamentarias.

Esta avaliación comparará as previsións das principais variables macroeconómicas e orzamentarias cos valores reais destas, analizando as posibles desviacións nas previsións e as súas causas.

O resultado desta avaliación farase público a través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas e terase en conta na elaboración das previsións macroeconómicas e orzamentarias futuras.

Se no curso da avaliación se observa un nesgo importante que afecte as previsións macroeconómicas nun período de, ao menos, catro anos consecutivos, o Estado tomará as medidas necesarias coa finalidade de corrixir e evitar a aparición de nesgos, e faraaas públicas.

Disposición adicional primeira. *Publicación de datos orzamentarios baseados na contabilidade pública.*

A través da Central de Información Económico-Financeira das Administracións Públicas publicaranse os datos orzamentarios baseados na contabilidade pública con periodicidade mensual para os subsectores da Administración central, das comunidades autónomas e das administracións da Seguridade Social, e trimestral para o subsector das corporacións locais.

Disposición adicional segunda. *Publicación da incidencia combinada nos saldos e débedas das administracións públicas dos organismos e fondos que non formen parte dos seus orzamentos ordinarios.*

No marco dos procesos orzamentarios anuais e dos plans orzamentarios a medio prazo, o Ministerio de Economía, Industria e Competitividade e o Ministerio de Facenda e Función Pública, no ámbito das súas competencias, presentarán a incidencia combinada nos saldos e débedas das administracións públicas de todos os organismos e fondos delas que non formen parte dos orzamentos ordinarios dos distintos subsectores.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto no presente real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.13ª da Constitución española, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español o artigo 4 da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros, así como certas previsións contidas nos seus artigos 3.2.a) e 14.1.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Habílanse os ministros de Facenda e Función Pública e de Economía, Industria e Competitividade, no ámbito das súas competencias, para ditar as disposicións e adoptar as medidas necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de maio de 2018.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia e para as Administracións Territoriais  
SORAYA SÁENZ DE SANTAMARÍA ANTÓN